00429/2019	SOLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL PARA GASOIL.
00430/2019	RECLAMACIÓN TAXA IMPAGADA BOS DÍAS COLE
00431/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SERVIZOS, ARRANXO TRACTOR CORTACESPEDE RANSOMES
00432/2019	CONVOCATORIA SUBVENCIONES MATERIAL ESCOLAR 2019-2020
00433/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR JUAN VAZQUEZ CORTEGOSO. SOLICITUDE DO PERIODO VACACIONAL.
00434/2019	SOLICITUDE DE VACACIONES DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR MAURO GONZALEZ FRAGA.
00435/2019	DECRETO DE INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL.
00436/2019	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN CARNÉ XOVE MES DE ABRIL 2019
00437/2019	DECRETO SOLICITANDO LA SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS EN LA SOLICITUD DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL EN PARQUE ACUÁTICO, EN REPRESENTACIÓN DE DANIEL MARTÍNEZ VALVERDE
00438/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA A RETIRADA DE ÁRBORES NO PASEO FLUVIAL DO ACEVEDO
00439/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR COMPRA DE PLANTAS ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE CERCEDA
00440/2019	RELACIÓN DE FACTURAS 2019/18
00441/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO CORTACESPEDE MANUAL VIKING MB655K DO SERVIZO DE XARDINS DA SILVA
00442/2019	DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES MAIO 2019
00443/2019	DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES MAIO 2019
00444/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE CURSO DE INTELIXENCIA EMOCIONAL E TECNICAS DE MOTIVACION (PROGRAMA +EMPREGO)
00445/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN E VIXIANCIA DA SAÚDE
00446/2019	ADXUDICACION Contrato Menor para a análise da calidade da auga de baño na piscina municipal de A Silva e no Parque Acuático.
00447/2019	DECRETO DE CESIÓN DO ESPACIO PÚBLICO DO CAMPO DA FEIRA PARA O SAN ANTONIO E AS FESTAS DO CARMEN 2019
00448/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO CORTACESEPEDE ETESIA HIDRO 100
00449/2019	DECRETO ADMITIDOS E CONVOCATORIA OFICINA TURISMO
00450/2019	DECRETO DE CESIÓN DE ESPACIO PÚBLICO PARA A CELEBRACION DO ESPIRITU SANTO EN A



	SILVA 8,9 E 10 DE XUÑO DE 2019
00451/2019	DECRETO DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTACIÓN Y DEFENSA EN PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000119/2019 ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO 2. RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL POR INCUMPLIMIENTO DE CONVENIO.
00452/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO DESBROZADORA MANUAL KAWASAKI TJ53E
00453/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR COMPRA HERBICIDAS, ABONOS E SEMENTE PARA AS ZONAS VERDES
00454/2019	DECRETO DE MULTAS DE TRÁFICO
00455/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIÓNS NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS. SOLICITUDE DE VACACIONS DE TEO CASAS REGUEIRO.
00456/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONS NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR ADAY CARREIRA CARBALLIDO. PERIODO VACACIONAL
00457/2019	INSTANCIA DE SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. HERMINIO REGUEIRO GRELA
00458/2019	DECRETO APROBACIÓN LIQUIDACIÓN CARNÉ XOVE MAIO 2019
00459/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DOS ALUMNOS E.P.R. E D.P.R. CURSO 2018-2019
00460/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DA ALUMNA C.D.R.G CURSO 2018-2019
00461/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2018-2019
00462/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA ALUMNA A.L.M CURSO 2018-2019
00463/2019	DECRETO DE AUTORIZACION DO SEGUNDO TRATAMENTO FITOSANITARIO NO ÁMBITO DA CTM DE MEIRAMA
00464/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO ALUMNO B.G.P. CURSO 2018-2019
00465/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO DE VACACIONS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO ALUMNO L.C.S. CURSO 2018-2019
00466/2019	REINTEGRO SUBVENCIÓN APROL RURAL 2018
00467/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO ALUMNO M.S.P. CURSO 2018-2019
00468/2019	APROBACION DO PADRON DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE MAIO DE 2019.
00469/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA ALUMNA L.C.C. CURSO 2018-2019
00470/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA ALUMNA M.G.E. CURSO 2018-2019
00471/2019	DECRETO DE BAIXA DEFINITIVA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO ALUMNO B.F.B CURSO 2018-2019
00472/2019	DECRETO DE AVOCACION PARA A APROBACION DO PADRON DO MES DE XUÑO 2019 DA TAXA DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL
00473/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACION NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABÁNS. PERIODO VACACIONAL DE JOEL GONZALEZ VAZQUEZ
00474/2019	DECRETO DE AVOCACION DO PADRON DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE BOS DIAS COLE CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2019
00475/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONS NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR GAEL CERQUEIRO GESTA. BAIXA DEFINITIVA.
00476/2019	CONVOCATORIA DE PLENO 12/6/2019
00477/2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 12/06/2019
00478/2019	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 17/2019. VARIOS CONTRATOS MENORES
00479/2019	DECRETO DE CONCESION DAS MODIFICACIONS SOLICITADAS NA MATRICULA DE S.R.M. NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. CURSO 2018-2019
00480/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL DO ALUMNO D.G.G NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. CURSO 2018-2019
00481/2019	DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES XUÑO 2019, H15024IA.619
00482/2019	Tramitación de Decretos - 99500000018158 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio

00483/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO, MANTEMENTO E POSTA A PUNTO DUN TRACTOR CORTADESPEDE ETESIA HIDRO 100
00484/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DA OBRA DE COLOCACIÓN DE PAVIMENTO DE CAUCHO NO PARQUE INFANTIL DA SILVA
00485/2019	ADXUDICACION DO CONTRATO MENOR SUBMINISTRACION DE SOLFATADORA STIHL PARA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA E XARDÍNS
00486/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVICIOS, ARRANXO BOMBA DE AUGA DO LOCAL SOCIAL DE XESTEDA
00487/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION DE DÚAS PANTALLAS/MONITOR PARA O SERVIZO DE INTERVENCION
00488/2019	PLENO 15/06/2019-CONSTITUTIVA
00489/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SERVIZO DE CURSO COMMUNITY MANAGER (+EMPREGO)
00490/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR COMPRA FOTOMETRO PARA MEDICIÓN E CONTROL DA CALIDADE DA AUGA NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DO CONCELLO DE CERCEDA
00491/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION DUNHA REXISTRADORA PARA O AQUAPARK
00492/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE PUBLICIDADE DO PARQUE ACUÁTICO EN RADIO MARCA
00493/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE PUBLICIDADE DO PARQUE ACUATICO NA RADIO TELEVISION DE GALICIA
00494/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA SUBMINISTRACIÓN E COLOCACION DE ACOMETIDA ELECTRICA Á NOVA ATRACCIÓN DO PARQUE ACUÁTICO
00495/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONS NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR PEDRO FRAGA BARBEITO
00496/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR MIXTO DE SUBMINISTRACION E COLOCACION DUN CADRO XERAL ELECTRICO PARA A PISCINA DA RA
00497/2019	DECRETO DE CONCESION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.
00498/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL DA ALUMNA D.B.F. NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2018-2019
00499/2019	DECRETO CONTRATACIÓN TÉCNICA/O OFICINA DE TURISMO 2019
00500/2019	TRASPASO A RTVC, S.L. (EN LIQUIDACION)
00501/2019	DECRETO DE INCOACIÓN DEL PROCEDIMIENTO DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL DE PARQUE ACUÁTICO A SOLICITUD DE UBALDO RIVAS ROMERO, EN REPRESENTACIÓN DE DANIEL MARTINEZ VALVERDE
00502/2019	DECRETO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRA PRA A REFORMA DE CAFÉ BAR JB
00503/2019	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO DO PROXECTO ERASMUS+ ADVERSE CHILDHOOD EXPERIENCIES
00504/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/19
00505/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA ALUMNA D.B.F CURSO 2018-2019
00506/2019	DECRETO APROBACIÓN SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ENERXÍA FOTOVOLTAICA
00507/2019	APROBACIÓN FACTURAS CONSUMOS AUGA INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
00508/2019	DECRETO POR EL QUE SE REITERA EL DECRETO 27/2015, POR EL QUE SE ORDENA LA DEMOLICIÓN DE OBRAS EN VIVIENDA EN TIERNO GALVAN, TRAS ANULACIÓN DEL DECRETO DE LEGALIZACIÓN POR STSJ DE GALICIA
00509/2019	APROBACION DO PLANO DE SEGURIDADE E SAUDE POS ADICIONAL1/17.- CAMIÑO O ARROIO-MEIRAMA.
00510/2019	SOLICITUDE DE VACACIONS NA ESCOLA INFANTIL DE MATEO MARTINEZ LISTE
00511/2019	DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES MAIO 2019, NAC15024IA.519
00512/2019	DECRETO DE BAIXAS DEFUNCIÓN MES MAIO 2019, DEF15024IA.519
00513/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO TRACTOR CORTACESPEDE ETESIA HIDRO 100 (MORRO CADRADO)
00514/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PARA ALUGAR HIDROLAVADORA , SERVIZO DE LIMPEZA E XARDÍNS
00515/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DO ALUMNO M.B.R. CURSO 2018-2019

00516/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR COMPRA DE MOBILIARIO URBANO, PAPELEIRAS , MESAS E BANCOS DE MADEIRA
00517/2019	DECRETO DE REDUCCION DE INTESIDADE DE AXUDA NO FOGAR DE JV F
00518/2019	DECRETO DE CORRECCION NO PERIODO DE VACACIONS SOLCITADO PARA A ALUMNA N.L.V. NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2018-2019
00519/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL DA ALUMNA V.G.R NA ESCOLA INAFNTIL MUNICIPAL CURSO 2018-2019
00520/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION E COLOCACIÓN DE CARPAS PARA OS DISTINTOS EVENTOS DO CONCELLO
00521/2019	XERACIÓN DE CRÉDITOS 18/2019. PEL DIPUTACIÓN
00522/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A RETIRADA DE ESCOMBRO DA ANTIGA ESTACION DE LONDOÑO CENTRO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "CERCEDA-TORDOIA-TRAZO II"
00523/2019	DECRETO DE EXENCION/MODIFICACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. BAIXA DEFINITA. M.L.D.
00524/2019	NOMINA DE XUÑO E PAGA EXTRA.
00525/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/21
00526/2019	DECRETO CONTRATACIÓN BAIXA OBRADOIRO PROFESOR
00527/2019	DECRETO DE ALTA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE J.P.P.
00528/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019-22
00529/2019	ALTA SUMINISTRO DE AUGA: ANTONIO BECERRA, JESUS BELLO, CARMEN LOPEZ, SERGIO MUIÑO
00530/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019-23
00531/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019/24 ELÉCTRICAS
00532/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DA ALUMNA N.L.F CURSO 20188-2019
00533/2019	DECRETO DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DE E.C.T.
00534/2019	DECRETO CESIÓN DE OCUPACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO PARA AS FESTAS DE XESTEDA (29.06.2019)
00535/2019	DECRETO DE CREACIÓN DAS ÁREAS ORGANIZATIVAS MUNICIPAIS
00536/2019	CONVOCATORIA DE PLENO 2/7/2019
00537/2019	CONVOCATORIA PLENO 2/7/2019
00538/2019	DECRETO CONTRATACIÓNS PEL 2019
00539/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONS NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR DARIO PREGO REIMUNDEZ
00540/2019	DECRETO DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DE DELEGACIÓN DA ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA E NOS CONCELLEIROS
00541/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE PLANTAS ORNAMENTAIS PARA OS MACETEIROS DO COMPO DA FEIRA DE CERCEDA
00542/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SUBMINISTRO TERRA PARA RECHEO DE MACETEIROS
00543/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR MIXTO DE SERVICIO E SUBMINISTRO DE TERRA PARA O ACONDICIONAMENTO DO XARDÍN DO CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL DE MAIORES
00544/2019	DECRETO DE CREACIÓN DE UNA TERCERA ÁREA DE GOBIERNO
00545/2019	DECRETO POR EL QUE SE DELEGA LAS ATRIBUCIONES DEL AREA DE VIDA SALUDABLE Y PROMOCIÓN ... Y SE CONFIEREN VARIAS DELEGACIONES ESPECIALES
00546/2019	DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DA ALUMNA A.B.C CURSO 2018-2019
00547/2019	DECRETO DE CONCESION DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, CURSO 2019-2020, PARA O MENOR T. L.R.
00548/2019	FRACCIONAMENTO DO PAGO DA TAXA POLA LEGALIZACION DUN RESTAURANTE EN RUA GAITAS, Nº 6 -BAIXO - CERCEDA
00549/2019	PADRÓN LIXO 2019
00550/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA AS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS PÉRTIGAS+ CEPILLOS BARREDORA+ BOMBAS DOSIFICADORAS

00551/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SERVIZO DE ALUGUER DE EQUIPO INFORMATICO PARA O PROGRAMA INTEGRADO "+EMPREGO"
00552/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DA ACCION FORMATIVA "ATENCION AO CLIENTE" DENTRO DO PROGRAMA "+EMPREGO"
00553/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR VALENTINA RODRIGUEZ BARRAL
00554/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A ACCION FORMATIVA "MANIPULADOR DE ALIMENTOS" DENTRO DO PROGRAMA "+EMPREGO"
00555/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SUBMINISTRACION EPIS PARA PERSOAL DE PRÓXIMA INCORPORACIÓN NO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)
00556/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SUBMINISTRACION DE ATRAENTES E TRAMPAS PARA VELUTINAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION CIVIL
00557/2019	DECRETO DE CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRA PARA A AMPLIACIÓN DE SAT REGUEIRO PICÓN
00558/2019	SOLICITUDE MODIFICACIONES MATRICULA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABAN DE A.R.P
00559/2019	SOLICITUDE DE EXENCION/MODIFICACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE J.P.P.
00560/2019	DECRETO DE CORRECCIÓN DE ERROS EN NOMEAMENTOS DE CONCELLEIROS.
00561/2019	DECRETO DE DELEGACIÓN DE LAS FUNCIONS DE SECRETARIA EL DÍA 5 DE JULIO
00562/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE VIAXE A RIBEIRA SACRA O 6 DE XULLO
00563/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE REDACCION "PROYECTO DE REHABILITACIÓN Y MEJORA ENERGETICA DEL EDIFICIO MUSEO DO MOUCHO" (SUBV IDAE)
00564/2019	PADRON ESCOLA INFANTIL XULLO DE 2019
00565/2019	PADRON BOS DIAS COLE XUÑO DE 2019
00566/2019	COSTAS DERIVADAS DA SENTENZA Nº 287/2019 DO TSJ DE GALICIA, EN RELACION CO PROCEDEMENTO ORDINARIO 134/2016 DO CONTENCIOSO ADVO. Nº 2 DA CORUÑA. CONTRARIO: AMELIA GENDE GRELA.
00567/2019	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA 9/7/2019
00568/2019	ALTAS SUMINISTRO DE AUGA: MARIA AUREA QUEIJO, FRANCISCA BARBEITO, QUENLLO PROMOCIONES, JOSE ANTONIO FRAGA,
00569/2019	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "CAMIÑO SEIXAS-CAVADAS (RODÍS)"
00570/2019	CONVOCATORIA DE PLENO 10/7/2019
00571/2019	SOLICITUDE XERAL A NOMBRE DE MANUEL ANTONIO FERREIRO VELASCO. SOLICITA: AUTORIZACIÓN PARA UN ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO A CARGO DA EMPRESA PIROTECNIA SIONLLA OS DÍAS 15 E 16 DE XULLO DE 2019 NA IGREXA PARROQUIAL DE RODÍS
00572/2019	TAXA SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR XUÑO 2019 (DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA)
00573/2019	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 20/2019. INCORPORACIÓN DE REMANENTES.
00574/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O/A MENOR C.B.B.
00575/2019	SOLICITUDE DE PERIODO VACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DE DAKOTA GOMEZ LEMA
00576/2019	DECRETO DE AUTORIZACIÓN DE TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO EN RODIS 16 E 17 XULLO DE 2019 PIROTECNIA DE ARTEFOGO
00577/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR THIAGO SANTOS REIMUNDEZ. SOLICITUDE DO PERIODO VACIONAL.
00578/2019	SOLICITUDE DE MODIFICACIONES NA MATRICULA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, PARA O MENOR VALERIA RAMA CUEVAS
00579/2019	DECRETO DE MULTAS
00580/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/25. SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA
00581/2019	TRANSFERENCIA A RTVC, S.L. (EN LIQUIDACION)
00582/2019	Tramitación de Decretos
00583/2019	DECRETO DE CESION DE ESPACIO PÚBLICO PARA AS FESTAS DE RODIS OS DÍAS 16.07.2019 E O DÍA 01.09.2019
00584/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019-26. SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA

00585/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE REDACCION DO PROXECTO "PROYECTO DE REHABILITACION Y MEJORA ENERGETICA DE BIBLIOTECA MUNICIPAL" (SUBV. IDAE)
00586/2019	CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL DE C.B.B.
00587/2019	APROBACIÓN PADRÓN AUGA E SUMIDOIRO. 2ºT 2019
00588/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE REPARACIÓN DO FOTOMETRO ANTIGUO QUE HABÍA NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS
00589/2019	ADXUDICACION DO CONTRATO MENOR DE SERVIZOS, DESBROCES EN PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL LOCALIZADAS NO POLIGONO INDUSTRIAL DO ACEVEDO
00590/2019	APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION DAS ACTIVIDADES CULTURAIAS OU DEPORTIVAS 2018. ENTIDADES SOCIEDAD VENATORIA DE CERCEDA
00591/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL PARA AS PRACTICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "CERCEDA-TORDOIA-TRAZO II"
00592/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE TRANSPORTE PARA VISITA DE FÁBRICA POLOS ALUMNOS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "CERCEDA-TORDOIA-TRAZO II"
00593/2019	XERACIÓN DE CRÉDITOS 21/2019. POS 2019
00594/2019	DECRETO DE BAIXAS DEFUNCIÓN MES XUÑO 2019, DEF15024IA.619
00595/2019	DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES XUÑO 2019
00596/2019	DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES XUÑO 2019, NAC15024IA.619
00597/2019	DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES XUÑO 2019
00598/2019	DECRETO DE BAIXA DE OFICIO NO PMH DE DANIEL DIAZ DOMINGUEZ
00599/2019	DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES XULLO 2019, H15024IA.719
00600/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION DE MATERIAL DE OFICINA PARA OBRADOIRO DE EMPREGO CERCEDA-TORDOIA-TRAZO II
00601/2019	DECRETO TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO EN CERCEDA. FESTAS 18-19-20 E 21 DE XULLO DE 2019
00602/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION DE PEDRA PARA O OBRADOIRO CERCEDA-TORDOIA-TRAZO II
00603/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PRIVADO DE ALUGUER DE 5 MARTELOS PICADORES PARA OBRADOIRO CERCEDA-TORDOIA-TRAZO II
00604/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ACTUACION ROI CASAL - REDE CULTURAL DA DEPUTACION
00605/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019/28
00606/2019	DECRETO DE ALTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO ALUMNO E.C.M. CURSO 2018-2019
00607/2019	DEV. TAXA VIAXE RIBEIRA SACRA.-. Leonardo Bocija Rodríguez
00608/2019	DECRETO SOLICITUDE SUBVENCIÓN PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2019
00609/2019	Tramitación decreto conjunta de: Solicitud de Plaza en Escuela Infantil Municipal
00610/2019	DECRETO DE CONCESION DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OS PILLABANS, CURSO 2018-2019, PARA A MENOR SARA GOMEZ MUIÑO
00611/2019	DEV. TAXA EXC. A RIBEIRA SACRA.-Dorinda Regueiro Martínez
00612/2019	DEV.-I.V.T.M.-José Antonio Lozano Vilariño
00613/2019	DEV.-I.V.T.M. (C-3533-BV)-José Antonio Lozano Vilariño
00614/2019	DEV. TAXA VIAXE RIBEIRA SACRA .-Julia García Iglesias
00615/2019	DEV. I.V.T.M.-José Antonio Montes González
00616/2019	TRAMITACION CONJUNTA: DECRETO DE CONCESION DE PERIODO VACACIONAL NA ESCOLA INFANTIL CURSO 2018-2019
00617/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SUBMINISTRACION DE MESAS PREGABLES
00618/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZOS, ARRANXO DO SISTEMA DE REGA DO XARDÍN BOTÁNICO
00619/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DESBROCES URXENTES EN ZONAS DE NÚCLEO E URBANAS
00620/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR RENOVACIÓN DO CUADRO ELÉCTRICO E CONTROL NO BOMBEO DE RIBASOUTAS E CONEXIÓN NA FONTE DO CAMPO DA FEIRA

00621/2019	CORRECCIÓN ERRO NO DECRETO 549/2019, DE 1 DE XULLO, QUE APROBA O PADRÓN DO LIXO DO ANO 2019.
00622/2019	CANON CAFETERÍA PARQUE ACUÁTICO
00623/2019	CANON KIOSCO PARQUE ACUÁTICO
00624/2019	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA "SEIXAS-CAVADAS (RODÍS), FINANCIADA POLO AGADER
00625/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR MIXTO DE SUBMINISTRACION E COLOCACION DUNHA FAROLA NA TABLILLA DANADA EN ACCIDENTE DE CIRCULACION
00626/2019	CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL 24-07-2019
00627/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE ALUGUER DE INCHABLES PARA A FESTA DO COCHIÑO
00628/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACION PARA ALUGUER DE XERADORES DE ELECTRICIDADE PARA A FESTA DO COCHIÑO 2019
00629/2019	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO DO PROXECTO ERASMUS+ ADVERSE CHILDHOOD EXPERIENCIAS. DEVOLUCIÓN Ó ÓRGANO EUROPEO
00630/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PRIVADO PARA A ACTUACION DE A.C. AGRUPACIÓN MUSICAL SANTA COMPAÑA DENTRO DA REDE CULTURAL DA DEPUTACION
00631/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PRIVADO PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE NURIA FERGÓ
00632/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR PRIVADO PARA ACTUACIÓN DA ORQUESTRA "EL COMBO DOMINICANO" 27-07-2019
00633/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR MIXTO DE SUBMINISTRACION E COLOCACION DE FAROLA EN RUA CORUÑA-A SILVA DANADA EN ACCIDENTE DE CIRCULACION
00634/2019	APROBACION PLANO DE SEGURIDADE E SAUDE AGADER-SEIXAS-CAVADAS
00635/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA "CAMIÑO SEIXAS-CAVADAS"
00636/2019	NOMINA XULLO
00637/2019	PADRÓN LIXO 2019
00638/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019/27
00639/2019	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 2019-29
00640/2019	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN 2018. EMMA NÚÑEZ GARCÍA
00641/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE REDACCION DO PROXECTO DE "SENDAS PEATONALES Y CICLISTAS EN EL AYUNTAMIENTO DE CERCEDA" SUBVENCIONADO CON FONDOS FEDER
00642/2019	APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN E PAGO SUBVENCIÓN ACTIVIDADES 2018. CCD QUEIXAS
00643/2019	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA OBRA "ACCESO Ó POLIGONO DENDE A DP-2402 E OUTROS (POS 2017), POR DESESTIMENTO DA ADMINISTRACIÓN.
00644/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN PAPELEIRAS MULTIUSOS PARA O PARQUE ACUÁTICO
00645/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO DESBROZADORA STIHL FS 450 DO SERVIZO DE XARDINS DA SILVA
00646/2019	DECRETO DE CONCESION DE EMERXENCIA SOCIAL, PARA EXPEDICION DA TARXETA DE TRANSPORTE METROPOLITANO.
00647/2019	DEVOLUCIÓN DO AVAL DEPOSITADO XUNTO CO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A LIQUIDACIÓN DA TAXA DO 1,5% DOS EXERCICIOS 1999-2002, POR UNIÓN FENOSA GENERACIÓN.
00648/2019	CONCESION PERIODOS DE VACACIONS NA ESCOLA INFANTIL CURSO 2018-2019
00649/2019	DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES, PARA ESTRANXEIROS (A INSTANCIA DO INTERESADO) DE: LUCIANO DA SILVA MOREIRA
00650/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN PARA O ADECENTAMENTO DAS AVENIDAS DE GALICIA E CORUÑA
00651/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A REDACCION DO PROXECTO "MEJORA ENERÉTICA DE EDIFICIO ADMINISTRATIVO B+IV CASA DO CONCELLO" (SUBV. IDAE)
00652/2019	APROBACIÓN 1ª E ÚLTIMA CERTIFICACIÓN DE OBRA: AGADER-SEIXAS-CAVADAS
00653/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE PROXECCIONS DE CINE DENTRO DA REDE CULTURAL DA DIPUTACIÓN

00654/2019	DECRETO DE CAMBIO DE DOMICILIO PADRON DE HABITANTES MES XULLO 2019
00655/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA O CURSO DE OPERACIONS AUXILIARES DE ALMACENAXE (PROGRAMA + EMPREGO)
00656/2019	CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA 2 DE AGOSTO DE 2019
00657/2019	DECRETO DE ALTAS CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES XULLO 2019
00658/2019	DEVOLUCIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS 2019/30 DE SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA POR TRANSCURSO DO PRAZO DE EMISIÓN DAS MESMAS.
00659/2019	DECRETO ASIGNACIÓN LOCAL VIVEIRO VERTIA
00660/2019	DECRETO ASIGNACIÓN ESPAZO VIVEIRO NAER
00661/2019	DECRETO ASIGNACIÓN ESPAZO VIVEIRO ELECTRO MOSQUERA
00662/2019	DECRETO DE ASIGNACIÓN DE ESPACIO NO VIVEIRO A STROW
00663/2019	APROBACIÓN DE FACTURAS F/2019/31
00664/2019	DECRETO DE APROBACION DO PADRON DO MES DE AGOSTO DA TAXA POLO USO DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2018-2019
00665/2019	Tramitación decreto conjunta de: ALTAS NOVAS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2019-2020
00666/2019	DECRETO DE ALTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL PARA O CURSO 2019-2020 DO MENOR M.M. L.
00667/2019	DECRETO DE ALTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2019-2020 DA MENOR A.B.B.
00668/2019	DECRETO DE CONCESION DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA TRATAMENTO FARMACEUTICO A M.M.S.
00669/2019	DECRETO DE CONCESION DE EXENCION DE TAXA PARA O CAMAPMENTO DE VERAN DO MENOR I.M.G.
00670/2019	MULTAS DE TRAFICO
00671/2019	DECRETO DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR LESIONES DERIVADAS DE CAÍDA EN EL PARQUE INFANTIL DE AQUAPARK (ALEJANDRO VARGAS)
00672/2019	CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA 07/08/2019
00673/2019	DECRETO DE TAXAS DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO
00674/2019	DECRETO DE BAIXAS DEFUNCION MES XULLO 2019, DEF15024IA.719
00675/2019	DECRETO DE ALTAS NACEMENTO MES XULLO 2019, NAC15024IA.719
00676/2019	Solicitud dev. taxa Ribeira Sacra.
00677/2019	DECRETO DE SUSTITUCIÓN DO SECRETARIO XERAL DURANTE AS VACACIÓNS
00678/2019	DECRETO DE BAIXA CAMBIO DE RESIDENCIA PADRON DE HABITANTES MES AGOSTO 2019, H15024IA.819
00679/2019	DECRETO DE APROBACIÓN DEL PROYECTO CORRESPONDIENTE A LA PARTE DE OBRAS DEL PROYECTO DE ADECUACIÓN Y EQUIPAMIENTO DEL ALBERGUE DE CERCEDA
00680/2019	COMISIÓN INFORMATIVA 14/8/2019
00681/2019	CONVOCATORIA ESPECIAL DE CONTAS 14/8/2019
00682/2019	DECRETO DE CONCESIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA J.L.D.S.R. PARA PRODUCTO FARMACEUTICO
00683/2019	AVOCACION PARA APROBACIÓN DE BASES DE BOLSA DE EMPREGO PARA OPERARIO/A DE SERVICIOS DE MEDIOAMBIENTE
00684/2019	Aprobación das bases e convocatoria dunha bolsa de emprego de operario/a do Servizo de Medio Ambiente en réxime laboral temporal
00685/2019	PLENO 19/8/2019
00686/2019	APROBACIÓN 1ª E 2ª CERTIFICACIÓN DA OBRA: POS 2018.-BEIRARRUAS NA SILVA (AC-413) E OUTROS.
00687/2019	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRA Nº1 E FINAL DE: POS 2018.- CAMIÑO DE LODEIRO DE ARRIBA A ESTRADA AC-400
00688/2019	COMISIÓN DE SERVIZOS E DIETAS POLA VIAXE A SUECIA DENTRO DO PROGRAMA "ERASMUS + ADVERSE CHILDHOOD EXPERIENCE AND INTERPROFESSIONAL WORKING"

00689/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE REDACCIÓN DO PROXECTO CORRESPONDENTE AO CONCELLO DE CERCEDA DA DIVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PROXECTO CONSTRUCTIVO DA VÍA VERDE DENDE SANTIAGO A CERCEDA
00690/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR MIXTO DE SUBMINISTRACION E COLOCACION DAS RODAS DO CAMIÓN DO SERVIZO ELÉCTRICO DO CONCELLO
00691/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DA ACCION FORMATIVA "OFIMATICA AVANZADA" DENTRO DO PROGRAMA +EMPREGO
00692/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE CÉSPEDE NO PARQUE ACUATICO POR ACONDICIONAMENTO DE CASETA, DETERIORE E VANDALISMO
00693/2019	DECRETO DE ALTA NO SAF MUNICIPAL DE P.L.F.
00694/2019	DECRETO DE APROBACION DE CAMBIOS DE HORARIO NA ESCOLA INFANTIL E AS NOVAS TARIFAS PARA O CURSO 2019-2020
00695/2019	DECRETO DE CORRECCION DE ERRO NO PADRON DA ESCOLA INFANTIL DE XULLO E AGOSTO DE 2019
00696/2019	DECRETO DE CORRECCION DE ERRO DO DECRETO 682/2019 DO 13/08/2019
00697/2019	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN GRAVA PARA ACONDICIONAMENTO DA PRAZA "TORRE DE HÉRCULES"
00698/2019	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SUMINISTRO DE HIDROLAVADORA PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DO CONCELLO DE CERCEDA
00699/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR DE SERVIZOS, TRABALLOS DE DESBROCE E XESTION DA BIOMASA EN RELACION O CONVENIO COA CONSELLERIA DE MEDIO RURAL PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, FASE 1
00700/2019	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 21/08/2019
00701/2019	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR, ARRANXO CORTACESPEDE VIKING 655 DO SERVIZO DE XARDÍNS DA SILVA
00702/2019	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR SUBMINISTRACIÓN DE FITOSANITARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL O ROXO ( PARA SUBSANAR PROBLEMAS DE FUNTOS, IRRITACIÓN DE SOLO, CARENCIAS NUTRICIONAIS E FALTA DE COLORACIÓN )
00703/2019	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR , SUBMINISTRACION DUNHA DESBROZADORA, UN CORTACESPEDE MANUAL E UN SOPLON PARA O SERVIZO DE XARDÍNS E LIMPEZA DO CONCELLO DE CERCEDA
00704/2019	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL EN A SILVA
00705/2019	Convenio de adhesión do Concello de Cerceda ao Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a FEGAMP para o desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do acceso á Vivenda 2015-2020, e que se recolle no Anexo.
00706/2019	CAMBIO DE UBICACIÓN TRABALLADOR LJS
00707/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR , ARRANXO FURGONETA PEUGEOT PARTNER MATRÍCULA C0770CB
00708/2019	ADXUDICACION CONTRATO MENOR ARRANXO E POSTA EN MARCHA O SISTEMA DE REGA DO CAMPO DE FUTBOL DE MORZÓS, ENCROBAS
00709/2019	DECRETO APROBACION LIQUIDACION CARNE XOVE MES DE XUÑO 2019
00710/2019	PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE 23/8/2019
00711/2019	CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ASESORAMENTO E DEFENSA XUDICIAL EN DEREITO LABORAL
00712/2019	NÓMINA AGOSTO
00713/2019	EMERXENCIA SOCIAL J. L
00714/2019	DECRETO APROBACIÓN CONVENIO PRÁCTICAS INTEGRADO
00715/2019	INICIO EXPEDIENTE DE BAIXA DE OFICIO NO PMH DE JOSE ANTONIO LAMAS QUEIJO
00716/2019	Solicitud General a nombre de PIROTECNIA ARTEFOGO SL. Solicita: PRESENTAR A DOCUMENTACION DE COMUNICACION DE DISPARO DE FOGOS EN RODIS OS DIAS 31 DE AGOSTO E 1 DE SETEMBRO DO 2019.
00717/2019	DECRETO DE APROBACIÓN DAS PRAZAS DO PROGRAMA " BOS DÍAS COLE" 2019- 2020
00718/2019	CONFIRMACION MATRICULA E CONTRATO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2019/2020 PARA O/A MENOR ENRIQUE CASAS MONTES
00719/2019	MULTAS DE TRAFICO. Acuerdo inicio no identificación conductor



## **Segundo. Mocións.**

### **2.1.-Moción que presenta o voceiro do Grupo Municipal Mixto, don Alberto Sánchez Regueiro, relativa á emerxencia climática e a mobilización do 27 de setembro polo clima.**

O voceiro proponente da lectura á moción, que se transcribe:

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O vindeiro venres 27 de setembro está convocada unha mobilización mundial en defensa do planeta e para facerlle fronte ás ameazas e riscos derivados da chamada “crise do clima”. Trátase dunha chamada de atención diante do inexorábel “cambio climático” e da incapacidade de organismos internacionais e grandes corporacións para facerlles fronte.

A proba máis evidente desta crise son os recentes informes de dous organismos internacionais dependentes das Nacións Unidas: o Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) e a Plataforma Intergubernamental de Biodiversidade e Servizos Ecosistémicos (IPBES). Estes informes fixeron saltar as alarmas sobre a catástrofe ambiental e humana a que está abocada o planeta se non se produce un drástico cambio de rumbo, xa que non se están cumprindo os obxectivos marcados nos sucesivos cumios do clima e os acordos internacionais ao respecto.

Non é tempo pois de “bágoas de crocodilo” nin de declaracións para a galería. É tempo de actuar, e de facelo con determinación. Cómpre aprobar un plan de acción que vaia ás causas do problema, non que simplemente minimize, atenúe e atrase as súas gravísimas consecuencias.

2. Dada a magnitude e as graves consecuencias que está a ter xa a “emerxencia climática”, consideramos necesario enfrontala desde unha tripla dimensión: a global, a galega e a local.

En primeiro lugar, nunha perspectiva global, cómpre denunciar o interese en poñer o foco de atención nas consecuencias da crise climática (incremento das temperaturas, seca, escaseza de recursos, destrución da biodiversidade, ameazas para a saúde) e non nas súas causas: sistema económico capitalista depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas... Cómpre polo tanto denunciar as consecuencias da actual fase do capitalismo e explicar a crise climática nese contexto, poñendo en relación as agresións ao medio coas desigualdades económicas e sociais e as opresións nacionais e de clase.

En segundo termo, desde unha perspectiva galega é necesario ter en conta o papel de Galiza na economía estatal e mundial como fornecedora de materias primas, mediante o desenvolvemento de actividades extractivas e depredadoras que teñen altos custos ambientais e escasos beneficios sociais e para o país no seu conxunto. En consecuencia, débese situar no centro do debate as consecuencias para o clima, para a saúde, para a cohesión social e territorial e para o benestar colectivo das actividades extractivas de sectores como o enerxético, industrial, forestal, megamineiro, a mobilidade, o ciclo da auga, a xeración e xestión dos residuos, os macrocentros comerciais... defendendo un modelo alternativo que poña o relevo na sustentabilidade, na xustiza social, no equilibrio ambiental e no beneficio colectivo para o noso país.

En terceiro lugar, é necesario considerar como afecta a emerxencia climática no ámbito local e as medidas que poden desenvolver os concellos e deputación, no seu ámbito de competencia, para facerlle fronte a este desafío, mediante a redución da pegada

ecolóxica con actuacións no ámbito do urbanismo, a mobilidade, a enerxía, a xestión dos residuos, a xestión do ciclo da auga, ou a aposta por un desenvolvemento económico máis sustentábel e máis xusto que fomente os recursos propios, as cadeas de valor e o comercio de proximidade.

3. O debate sobre a emerxencia climática é un terreo cheo de trampas, cheo de declaracións para a galería, de boas intencións e de posturas cosméticas. Todo o mundo se apunta á moda do verde, do sustentábel, da economía circular, mesmo aqueles gobernos e grandes corporacións que traballan xusto no sentido contrario e que son os principais responsábeis da crise do clima. Por iso precisamos menos declaracións e máis actuacións, menos posturo e máis medidas efectivas para cambiar o rumbo dun mundo que vai camiño da catástrofe.

Polo anteriormente exposto, o BNG presenta a seguinte Moción para o debate no Pleno.

O grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación a adopción do seguinte Acordo:

1. Apoiar a mobilización mundial en defensa do clima do 27 de setembro e organizar actividades dirixidas á sensibilización da poboación sobre as causas e consecuencias da emerxencia climática.

2. Denunciar a responsabilidade dos gobernos, especialmente os dos países desenvolvidos, e das grandes corporacións na actual crise climática, e esixir ao Estado español e á UE que desenvolva medidas eficaces para facerlle fronte ás causas deste grave problema, que teñen que ver con un sistema económico depredador de recursos, xerador de relacións inxustas e de graves agresións ás persoas, aos pobos e aos ecosistemas.

3. Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza que desenvolva un marco legislativo e estratexias concertadas con todos os axentes económicos, sociais e institucionais para loitar eficazmente contra as causas da emerxencia climática, mudando de raíz as súas políticas en relación coa ordenación do territorio, a protección da paisaxe e dos ecosistemas, a mobilidade, a xestión dos residuos, a enerxía, a minaría, a xestión da auga e en xeral as políticas económicas que fomentan a depredación dos recursos, a despoboación e o empobrecemento.

4. Impulsar/seguir impulsando actuacións encamiñadas a minguar a pegada ecolóxica no seu ámbito xeográfico desenvolvendo as seguintes medidas no período 2019-2023:

- Aposta por fontes de enerxías renovábeis no abastecemento, polo aforro e a eficiencia no consumo, e por un modelo enerxético sustentábel, xusto, accesíbel para os sectores máis desfavorecidos e que estea ao servizo do desenvolvemento das comunidades locais e da economía galega.

- Desenvolvemento dun modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro, que potencie a mobilidade natural (a pé, en bici) e o transporte colectivo, e que restrinja ao estritamente necesario a uso dos vehículos privados a motor.

- Desenvolvemento de modelos urbanos compactos, accesíbeis, amabéis e integradores, que favorezan a cohesión social, a creación de espazos públicos e zonas verdes seguras e accesíbeis, o dinamismo social e a actividade económica e comercial de proximidade.

- Desenvolvemento de sistemas de xestión de residuos que promovan a redución, que fomenten a reutilización e que establezan o tratamento de proximidade dos

biorresiduos primando a compostaxe domiciliaria e comunitaria. Demanda da implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno para envases e embalaxes

- Implantación de sistemas de xestión pública do ciclo da auga que prioricen o aforro, a reutilización, a eficiencia das redes de distribución e tratamento, e a sensibilización social sobre o uso sustentábel da auga. Apoio a sistemas de xestión comunitaria da auga que primen o aforro, a eficiencia das redes de distribución, o consumo responsábel e a reutilización dos recursos.

- Fomento da produción e o consumo de proximidade, potenciando iniciativas de produción e comercialización de produtos locais.

- Potenciar os espazos naturais protexidos e a súa conectividade e impulsar iniciativas de posta en valor do monte apostando pola multifuncionalidade e a limitación das especies forestais como o eucalipto que degradan e empobrecen os ecosistemas.

5. Creación dun comité ou gabinete de acción contra a emerxencia climática, en coordinación con outras instancias institucionais. O obxectivo deste comité é analizar, propoñer e coordinar todas as actuacións da institución para facerlle fronte á crise climática tendo en conta as competencias na materia, que poderán ter a condición de Plan Director ou Plan Estratéxico fronte á emerxencia climática. A súa elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación farase coa máxima participación social, coa necesaria perspectiva de xénero e con criterios de transparencia.>>

Sométese a votación a urxencia da inclusión desta moción no orde do día, que resulta aprobada sete votos a favor e cinco abstencións.

*\*Intervencións que se citan:*

*O voceiro do Grupo Municipal do PP, sr. Santos, protesta por non ter recibido as mocións con anterioridade á sesión.*

*A Presidencia asegura que non hai motivo para rexeitala e que está de acordo con todo. Procede a expoñer o horizonte na loita contra o cambio climático desde este Concello: A sinatura dun Pacto de Alcaldes.*

*O sr. Santos asegura que se alegra do xiro da Alcaldía con respecto destes temas e expón a distinta problemática con respecto o medio ambiente.*

*O voceiro proponente da moción, sr. Sánchez, sinala que non lle falta razón ao voceiro do Grupo Municipal do PP. É algo que ten pasado en todos os gobernos. Pide que no gabinete que se pretende crear formen parte os voceiros da oposición.*

*A Presidencia finaliza dicindo que sempre haberá riscos co medio ambiente, pero que seguiremos traballando para mellorar.*

A Presidencia somete a votación a moción, que resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros asistentes.

## **2.2. Moción que presenta o voceiro do Grupo Municipal Mixto, don Alberto Sánchez Regueiro, sobre a violencia machista.**

Tras felicitar á Presidencia, o voceiro proponente da lectura á moción, que se transcribe:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas

rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.

A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilás de moitos eventos, sentenzas patriarcales, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

## **Acordo**

1. Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.
2. Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.
3. Demandar do goberno central:
  - a) o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantirlos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos
  - b) a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.
  - c) impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)
3. Demandar da Xunta de Galiza:

a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.

b) Deixar de incumprir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a década Feijoo.>>

Sométese a votación a urxencia da inclusión desta moción no orde do día, que resulta aprobada por sete votos favorables e cinco abstencións.

*\*Intervencións que se citan:*

*Manifesta o voceiro do Grupo Municipal do PP, sr. Santos, que eles están en contra desta lacra e sempre ten sido moi taxantes na súa contra, pero tamén están en contra de que se culpe a un partido ou a un político concreto, polo cal vanse abster.*

*A Presidencia tras agradecer ao voceiro proponente as súas felicitacións, pide disculpas polo precipitado da situación. A continuación fai unha exposición sobre a violencia de xénero e conclúe manifestando o seu acordo coa moción do BNG.*

*Finaliza encomiando a labor do persoal técnico da concellería de servizos sociais.*

A Presidencia somete a votación a moción, que resulta aprobada por sete votos a favor e cinco abstencións.

### **Terceiro. Rogos e preguntas.**

A Presidencia pide, en vista da precipitación na asunción da presidencia desta sesión, aplazar a contestación das preguntas ata o vindeiro Pleno ordinario.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, sr. Santos, felitao por a presidencia da sesión e asegura querer ter boa relación con él.

A Presidencia asegura que son un mesmo grupo, eles e o Sr. Alcalde, que segue a ter o seu apoio; e que o que aquí se diga é no aspecto político, non no persoal.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as vinte e duas horas e catro minutos da data de encabezamento, de todo o cal eu, como Secretario Xeral, dou fe.

O Presidente  
Juan Manuel Rodríguez García.  
Martínez

O Secretario Xeral  
Raúl Martínez